

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Decreto 216/1997, do 30 de xullo, polo que se crea o Servicio de Resposta Inmediata (SERI) da Xunta de Galicia e se regula o seu funcionamento.

Nos últimos anos a Xunta de Galicia abordou un ambicioso proceso de reforma administrativa. No marco desta política prestóuselle un especial interese á simplificación e axilización dos procedementos administrativos. Un pilar básico para poder avanzar no dito proceso de reforma foi a implantación dun sistema de xestión de procedementos administrativos (SXPA) para a posta en funcionamento do cal foi preciso dota-la Administración autonómica dunha plataforma informática global que permitise a adecuada xestión dos procedementos iniciados por instancia de parte.

O presente decreto, na liña anteriormente apuntada, ten por obxecto establecer un Servicio de Resposta Inmediata (SERI) que lles posibilitará ós interesados obter unha inmediata resolución das solicitudes que se presenten en relación con 42 procedementos administrativos que, no seu conxunto, son os que teñen unha maior incidencia cuantitativa sobre os cidadáns. Proba diso é que no ano 1996 se dictaron máis de 300.000 resolucións neste tipo de expedientes.

En definitiva, o establecemento do SERI responde á finalidade de acerca-la Administración ó cidadán e de acadar un alto grao de eficacia e eficiencia na súa actuación. A súa implantación é posible grazas a que previamente se fixo un importante esforzo no establecemento dun sistema informático global para a xestión administrativa e un paralelo proceso de descentralización administrativa.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trinta de xullo de mil novecentos noventa e sete,

DISPÓÑO:

Artigo 1º

Créase o Servicio de Resposta Inmediata (SERI) da Xunta de Galicia, para a tramitación e resolución dos procedementos administrativos que se detallan no anexo da presente disposición.

Artigo 2º

O SERI implantarase nas unidades administrativas, centrais ou provinciais que sexan competentes para a tramitación e resolución dos procedementos anteriormente sinalados.

As oficinas SERI estarán debidamente sinalizadas e identificadas mediante o correspondente anagrama.

Artigo 3º

As solicitudes relativas ós procedementos que se sinalan no anexo do presente decreto poderanse presentar directamente nas oficinas identificadas baixo o anagrama SERI. Noutro caso serán obxecto de tramitación ordinaria.

Artigo 4º

Se as solicitudes reunisen os requisitos establecidos pola normativa específica de cada procedemento, dictarase resolución no mesmo día da súa presentación, sen prexuízo das excepcións que se indican no artigo seguinte.

No suposto de que tivese que se emendar algún defecto formal haberá que atermos ó disposto con carácter xeral na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Artigo 5º

Exceptúase o disposto no parágrafo primeiro do artigo anterior nos seguintes supostos:

a) Cando se presenten conxuntamente un elevado número de solicitudes e a hora en que se produza a dita presentación faga materialmente imposible dicta-la resolución no mesmo día.

b) Cando o interesado manifesta perante a oficina SERI que desexa que a resolución lle sexa enviada ó lugar indicado na súa solicitude e mediante calquera dos procedementos previstos na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En tales supostos terase por presentada a solicitude, entregándosele ó interesado documento xustificativo da súa presentación e será informado sobre a forma e o prazo en que será dictada e comunicada a correspondente resolución.

Disposicións adicionais

Primeira.—Con carácter previo á entrada en vigor do presente decreto, os órganos competentes realizarán os actos de delegación que sexan necesarios para a posta en funcionamento do sistema SERI.

Segunda.—Facúltase ó conselleiro da Presidencia e Administración Pública para que dicte cantas resolucións sexan precisas para o desenvolvemento do disposto no presente decreto.

Disposición derradeira

O presente decreto entrará en vigor o día quince de setembro de mil novecentos noventa e sete.

Santiago de Compostela, trinta de xullo de mil novecentos noventa e sete.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS		CONSELLERÍA	DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE PRESENTAR	NORMATIVA REGULADORA
CÓDIGO	DENOMINACIÓN			
PR 802A	REXISTRO GALEGO DE ORGANIZACIÓNS NON GOBERNAMENTAIS DE COOPERACIÓN E DESENVOLVEMENTO.	PRESIDENCIA E ADMÓN. PÚBLICA	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitud normalizada. - Copia dos estatutos. - Copia da tarxeta de identificación fiscal. - Copia da resolución do Goberno Civil conforme está incluída no seu rexistro ou, se é o caso da súa inscrición no Rexistro de Fundacións. 	AUTONÓMICA: Orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública do 4 de abril de 1994 (DOG do 6 de abril)
PR 946A	REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS	PRESIDENCIA E ADMÓN. PÚBLICA	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitud normalizada. Por cuadruplicado: <ul style="list-style-type: none"> - Acta de constitución. - Acta de aprobación dos estatutos pola asemblea xeral. - Relación dos nomes, número de DNI e domicilio dos promotores ou directivos. - Estatutos do clube. - Xustificante de ter aboado as taxas. 	AUTONÓMICA: Orde do 17 de maio de 1983. Orde do 20 de novembro de 1986.
PR 946B	MODIFICACIÓN REXISTRO ENTIDADES CLUBES	PRESIDENCIA E ADMÓN. PÚBLICA	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitud normalizada de petición de modificación.. - Fotocopia de acta da asemblea do clube na que se acorden as modificacións por cuadruplicado ou certificación expedida polo secretario co Vº e Pr. do Presidente onde conste a modificación. - Xustificante de ter aboadas as taxas. 	AUTONÓMICA: Orde do 17 de maio de 1983. Orde do 20 de novembro de 1986.
PR 968A	REXISTRO DE AGRUPACIÓNS DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL	PRESIDENCIA E ADMÓN. PÚBLICA	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitud normalizada. - 3 copias da acta fundacional e dos estatutos da agrupación. - Relación nominal de tódolos membros da agrupación. - Certificación que acredite a súa inscrición no rexistro de asociacións (esta non será necesaria para as agrupacións que dependan administrativa e funcionalmente dun concello ou mancomunidade de concellos; deberá xuntar, se é o caso, unha copia do regulamento de voluntarios de protección civil do concello ou mancomunidade de concellos e certificación oficial da súa aprobación. 	AUTONÓMICA: Orde do 17 de decembro de 1991.
PR 968B	REXISTRO DE AGRUPACIÓNS DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL (BAIXAS)	PRESIDENCIA E ADMÓN. PÚBLICA	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitud normalizada. - Se é por disolución xuntarase copia legalizada da acta da asemblea que exprese os termos do acordo da disolución aprobada. 	AUTONÓMICA: Orde do 17 de decembro de 1991.
PR 973A	REXISTRO DE ENTIDADES COLABORADORAS DE PROTECCIÓN CIVIL	PRESIDENCIA E ADMÓN. PÚBLICA	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitud normalizada. - Estatutos da entidade. - Convenio de colaboración en actividades propias de protección civil con esta secretaría. 	AUTONÓMICA: Orde do 29 de abril de 1992 (DOG do 5 de maio de 1992).
PR 984H	REXISTRO DE EMPRESAS E ACTIVIDADES TURÍSTICAS NON REGULAMENTADAS	PRESIDENCIA E ADMÓN. PÚBLICA	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitud normalizada. - Cuestionario de datos. - Copia do DNI ou NIF do solicitante. - Se se trata dunha sociedade, copia da documentación acreditativa da súa constitución e os seus estatutos. - Memoria o máis ampla posible das súas actividades e estrutura. - Xustificante do pagamento das taxas. 	AUTONÓMICA: Decreto 82/8 do 26 de marzo (DOG nº 80, do 29 de abril).
PR 991B	SFLADO DE DECLARACIÓNS DE PREZOS DOS ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS.	PRESIDENCIA E ADMÓN. PÚBLICA	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitud. - Documento acreditativa da entidade do solicitante e da condición na que actúan se se trata de persoas distintas do titular. 	AUTONÓMICA: Orde do 27 de maio de 1993 (DOG nº 116, do 21/06/93).
OT 301A	AUTORIZACIÓN DE TRANSPORTE POR ESTRADAS (MERCADORÍAS)	POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitud normalizada. - DNI do solicitante o CIF da empresa e licenza fiscal da actividade. - Documentación acreditativa da capacitación profesional (cando sexa esixible). - Declaración verbo do requisito de honorabilidade. - Documentación acreditativa de capacidade económica. - Declaración do IRPF, do imposto de sociedades e do IVE. - Alta da empresa no réxime da Seguridade Social. - Xustificante do pagamento do imposto de actividades económicas. - Permiso de circulación. - ITV con recoñecementos da Delegación de Industria e Comercio. - Xustificante de aboamento da taxa. - Seguro de responsabilidade civil ilimitada en caso de viaxeiros. - Certificado do outorgamento de licenza municipal (para taxis). 	AUTONÓMICA: Decreto 22/80, do 29 de setembro. Orde do 20 de agosto de 1991. ESTATAL: Lei 16/87, do 30 de xullo. Real decreto 1211/90, do 28 de setembro. Ordes ministeriais do 3 e 4 de febreiro de 1993.
OT 301C	VISADO DE AUTORIZACIÓNS DE TRANSPORTE	POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitud normalizada. - Visado de empresa. - Declaración do IRPF, do imposto de sociedades e IVE - Alta de empresa en réxime de Seguridade Social. - Documentación acreditativa capacitación profesional (cando sexa esixible). - Visado de cada unha das autorizacións. - Fotocopia da tarxeta de transportes. - Permiso de circulación do vehículo. - ITV con recoñecemento da Delegación de Industria e Comercio. - Calquera outro documento que o órgano competente considere dos esixibles para a expedición orixinaria da tarxeta. - Visado de autorizacións de transporte cando este deba ser realizado perante un órgano distinto ó que realiza o visado de empresa. - Certificado de que realizou o visado de empresa. - Xustificante de pagamento do imposto de actividades económicas. - Seguro de responsabilidade civil ilimitada para transporte de viaxeiros 	ESTATAL: Lei 16/87, do 30 de xullo. Real decreto 1211/90, do 28 de setembro. Orde ministerial do 3 de febreiro de 1993. Orde ministerial do 4 de febreiro de 1993. AUTONÓMICA: Decreto 22/80, do 29 de setembro.

PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS		CONSELLERÍA	DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE PRESENTAR	NORMATIVA REGULADORA
CÓDIGO	DENOMINACIÓN			
			<ul style="list-style-type: none"> - Os esixidos no visado de cada unha das autorizacións. - Xustificante de aboamento da taxa. 	
OT 301D	DEVOLUCIÓN DE FIANZAS DE AUTORIZACIÓN DE TRANSPORTE	POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitude normalizada. - Tarxeta-visado de transporte. - Resguardo do ingreso do aval ou da fianza. 	ESTATAL: Lei 16/87, do 30 de xullo. Real decreto 1211/90, do 28 de setembro.
OT 301F	AUTORIZACIÓN DE TRANSPORTES POR ESTRADA DISCRECIONAL	POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitude normalizada. - DNI do solicitante ou CIF da empresa. - Documentación acreditativa da capacitación profesional (cando sexa esixible). - Declaración acerca do requisito de honorabilidade. - Documentación acreditativa da capacidade económica. - Declaración do IRPF, do imposto de sociedades (se é o caso) e do IVE - Alta da empresa no réxime da S. S. - Xustificación do pagamento do imposto de actividades económicas. - Permiso de circulación. - ITV con recoñecemento da Delegación de Industria e Comercio. - Xustificante de aboamento da taxa. - Seguro de responsabilidade civil ilimitada (en caso de viaxeiros). - Certificado de outorgamento de licenza municipal (para taxis). 	AUTONÓMICA: Decreto 22/80, do 25 de setembro. Orde do 20 de agosto 1991. ESTATAL: Lei 16/87 do 30 de xullo. Real decreto 1211/90 do 28 de setembro. Ordes ministeriais do 3 e 4 de febreiro de 1993.
OT 301G	AUTORIZACIÓN DE TRANSPORTES POR ESTRADA MERCADORÍAS	POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitude normalizada. - DNI do solicitante ou CIF da empresa. - Documentación acreditativa da capacitación profesional (cando sexa esixible). - Declaración acerca do requisito de honorabilidade. - Documentación acreditativa da capacidade económica. - Declaración do IRPF, do imposto de sociedades (se é o caso) e do IVE - Alta da empresa no réxime da S. S. - Xustificación do pagamento do imposto de actividades económicas. - Permiso de circulación. - ITV con recoñecemento da Delegación de Industria e Comercio. - Xustificante de aboamento da taxa. 	AUTONÓMICA: Orde do 4 de abril de 1994 (DOG nº 87, do 6 de maio). ESTATAL: Lei 16/87 do 30 de xullo (LOTT) Real decreto 1211/90 do 28 de setembro (ROTT) Orde do MOPT do 30 de febreiro de 1992.
OT 301H	AUTORIZACIÓN DE TRANSPORTES POR ESTRADA VIAXEIROS	POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitude normalizada. - DNI do solicitante ou CIF da empresa. - Documentación acreditativa da capacitación profesional (cando sexa esixible). - Declaración acerca do requisito de honorabilidade. - Documentación acreditativa da capacidade económica. - Declaración do IRPF, do imposto de sociedades (se é o caso) e do IVE - Alta da empresa no réxime da S. S. - Xustificación do pagamento do imposto de actividades económicas. - Permiso de circulación. - ITV con recoñecemento da Delegación de Industria e Comercio. - Xustificante de aboamento da taxa. - Seguro de responsabilidade civil ilimitada. - Certificado de outorgamento da licenza municipal para taxis. 	AUTONÓMICA: Orde do 4 de abril de 1994 (DOG nº 89, do 10 de maio). ESTATAL: Lei 16/87 do 30 de xullo (LOTT) Real decreto 1211/90 do 28 de setembro (ROTT) Orde do MOPT do 30 de febreiro de 1992.
OT 301I	AUTORIZACIÓN DE TRANSPORTES POR ESTRADA DISCRECIONAL VIAXEIROS	POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitude normalizada. - DNI do solicitante ou CIF da empresa. - Documentación acreditativa da capacitación profesional (cando sexa esixible). - Declaración acerca do requisito de honorabilidade. - Documentación acreditativa da capacidade económica. - Declaración do IRPF, do imposto de sociedades (se é o caso) e do IVE - Alta da empresa no réxime da S. S. - Xustificación do pagamento do imposto de actividades económicas. - Permiso de circulación. - ITV con recoñecemento da Delegación de Industria e Comercio. - Xustificante de aboamento da taxa. - Seguro de responsabilidade civil ilimitada. - Certificado de outorgamento da licenza municipal (taxis). 	AUTONÓMICA: Orde do 4 de abril de 1994 (DOG nº 89, do 10 de maio). ESTATAL: Lei 16/87 do 30 de xullo (LOTT) Real decreto 1211/90 do 28 de setembro (ROTT) Orde do MOPT do 30 de febreiro de 1992.
OT 306F	AUTORIZACIÓN TRANSPORTE VEHÍCULO AMBULANCIA	POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitude normalizada. - DNI do solicitante e NIF - Documentación acreditativa de honorabilidade e capacidade económica do solicitante. - Declaración de que non está incurso o solicitante en ningunha das circunstancias que supoña a perda do requisito de honorabilidade. Persoas xurídicas: - Copia do documento de constitución. - Tarxeta de identificación fiscal. - Acreditación de inscrición no rexistro. - Xustificante de que constituíu un seguro que cubra os posibles danos que poidan sufrir as mercadorías. - Xustificante de aboamento da taxa. 	ESTATAL: Lei 16/87, do 30 de xullo. Real decreto 1211/90, do 28 de setembro. AUTONÓMICA: Decreto 22/80, do 29 de setembro.
OT 306G	AUTORIZACIÓN DE TRANSPORTES VEHÍCULOS FÚNEBRES	POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitude normalizada. - DNI do solicitante e NIF - Documentación acreditativa de honorabilidade e capacidade económica do solicitante. 	ESTATAL: Lei 16/87, do 30 de xullo. Real decreto 1211/90, do 28 de setembro. Orde ministerial do 10 de

PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS		CONSELLERÍA	DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE PRESENTAR	NORMATIVA REGULADORA
CÓDIGO	DENOMINACIÓN			
			- Declaración de que non está incurso o solicitante en ningunha das circunstancias que supoñan a perda do requisito de honorabilidade. Persoas xurídicas: - Copia do documento de constitución. - Tarxeta de identificación fiscal. - Acreditación de inscrición no rexistro. - Xustificante de aboamento da taxa.	decembro de 1992. AUTONÓMICA: Decreto 22/80, do 29 de setembro.
OT 307A	BAIXAS DE AUTORIZACIÓN DE TRANSPORTE.	POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA	- Solicitude normalizada. - Tarxeta de transporte.	ESTATAL: Lei do 30 de xullo. Real decreto 1211/90, do 28 de setembro. Orde ministerial do 10 de decembro de 1992. AUTONÓMICA: Decreto 22/80, do 29 de setembro.
ED 107A	EXENCIÓN DA MATERIA DE LINGUA GALEGA NO ENSINO BÁSICO E MEDIO	EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	- Solicitude normalizada. A) Por parte do centro: 1) Fotocopia compulsada do expediente académico ou do libro de escolaridade correspondente ós catro últimos anos académicos cursados, un informe da dirección do centro no que se explique a situación do alumno durante ese período (art. 8º.1). 2) Fotocopia compulsada das páxinas do libro de escolaridade onde constan as altas e baixas nos diferentes centros nos catro últimos anos académicos cursados, ou informe do enderezo do centro que acredite tal aspecto (art. 8º.2). 3) Informe da dirección do centro na que consten a procedencia ou a improcedencia da concesión da exención e, caso de que o alumno se lle concedese exención o ano académico anterior, a constancia da asistencia ás clases e do aproveitamento e da adquisición progresiva de coñecementos segundo se establece no artigo 4º.1 ((art. 8º.3 y 4º.3). Se se trata dun alumno de COU, cómpre indicar se elixe ou non como optativa a materia de literatura galega (art. 2º.3). B) Por parte do solicitante: 1) Copia do libro de escolaridade correspondente ós estudos básicos, no caso de que o solicitante sexa alumno de ensinanzas medias e estea na situación prevista no art. 8º.1. 2) Acreditación do traslado de residencia, do alumno e dos seus pais ou titores, para fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, se a titularidade se basea no establecido no art. 2º.4 do Decreto 79/1994. 3) Certificación do organismo oficial correspondente na que se acredite o grao de deficiencia do alumno, se a solicitude se basea no disposto no art. 4º do Decreto 79/1994 (art. 12º.1)	AUTONÓMICA: Lei 3/83, do 15 de xuño, (DOG 14 de xullo). Decreto 79/94 do 8 de abril (DOG do 15 de abril) e orde do 30 de xuño (DOG do 4 de agosto).
IN 608C	AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓNS INTERIORES DE AUGA (CARPETILLAS E BOLETÍNS).	INDUSTRIA E COMERCIO	- Solicitude normalizada. - Esquema de distribución xeral simplificado. - Boletín de instalación. - Xustificante de aboamento da taxa.	ESTATAL: Orde do 9 de Decembro de 1975. Orde do 16 de xullo de 1981. AUTONÓMICA: Orde do 23 de marzo de 1984.
IN 614B	AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS BAIXA TENSIÓN TIPO "B" E "C" (CARPETILLAS E BOLETÍNS).	INDUSTRIA E COMERCIO	- Para instalacións tipo B1: (por cuadruplicado) *Solicitude - carpeta. *Certificado inspección técnica expedida por técnico titulado e visado por colexio oficial. *Xustificante de aboamento da taxa. - Para instalacións tipo B2: (por cuadruplicado) *Solicitude - carpeta. *Boletín de instalación cuberto por instalador autorizado. *Xustificante de aboamento da taxa. *Documentación complementaria, se é o caso. - Para instalacións de tipo C: (solicitude por cuadruplicado). *Xustificante de aboamento da taxa.	ESTATAL: Decreto 2413/73 do 20 de setembro de 1973. Orde do 31 de outubro de 1993. ITCMIEBBT041. Real decreto 2135/80 do 26 de setembro de 1980. Orde do 19 de decembro de 1980. AUTONÓMICA: Orde do de de da Consellería de Industria e Comercio.
AG 437A	INSCRICIÓN NO REGISTRO DE MAQUINARIA AGRÍCOLA.	AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES	* Para a inscrición: - Solicitude normalizada de inscrición no rexistro. - Fotocopia do DNI e NIF. - Factura de venda, se é o caso. - Baixa no rexistro dunha provincia distinta á que se solicita, se é o caso. - Tarxeta da ITV ou TIT segundo o caso. - Documento acreditativo de agricultor ou empresa de servizos agrarios. - Certificado de fabricación de estrutura de protección homologada para tractores novos. - Acta de adjudicación de poxa se é o caso. - Certificado de aduana para máquinas importadas. - Resguardo acreditativo de ter pagado a taxa correspondente. *Para a baixa: - Solicitude. - Fotocopia do DNI. - Cartilla de inscrición.	ESTATAL: Orde do 28 de maio de 1987.
AG 534B	REGISTRO ZOOSANITARIO DE EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS E AFÍNS.	AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES	INSCRICIÓN: - Solicitude de inscrición. - Fotocopia do DNI. - Memoria de actividades gandeiras e infraestrutura da explotación.	ESTATAL: Lei de epizootias (1952). Regulamento de epizootias de 4 de febreiro de 1995. Lexislación específica

PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS		CONSELLERÍA	DOCUMENTACIÓN QUE HAI	NORMATIVA
CÓDIGO	DENOMINACIÓN		QUE PRESENTAR	REGULADORA
			<ul style="list-style-type: none"> - Bosquexo de situación e plano dimensionado das construcións da explotación. - Certificado de distancias asinado por técnico competente. - Programa sanitario e de manexo da explotación asinado por técnico veterinario. - Xustificante de ter aboadas as taxas correspondentes. CAMBIO DE TITULARIDADE: <ul style="list-style-type: none"> - Solicitud normalizada e fotocopias do DNI do antigo e novo titular. - Xustificante de aboamento das taxas correspondentes. CAMBO DE CLASIFICACIÓN (Orientación productiva): <ul style="list-style-type: none"> - Memoria de actividades e da infraestrutura da explotación. - Bosquexo das construcións. - Programa sanitario e de manexo. - Xustificante de aboamento das taxas correspondentes. - Solicitud. CAMBIO DE CAPACIDADE: <ul style="list-style-type: none"> - Memoria de actividades gandeiras e infraestrutura da explotación. - Plano dimensionado das construcións. - Xustificante de aboamento das taxas correspondentes. - Solicitud. BAIXA: <ul style="list-style-type: none"> - Fotocopia do DNI. - Solicitud. **EXPLOTACIÓN APÍCOLAS** INSCRICIÓN: <ul style="list-style-type: none"> - Solicitud de inscrición. - Fotocopia do DNI. - Ficha de explotación do colmeir. - Autorización do dono do terreo, se procede. - Xustificante de ter aboadas as taxas correspondentes. AMPLIACIÓN: <ul style="list-style-type: none"> - Ficha da explotación. - Bosquexo de situación do colmeir. - Autorización do dono do terreo, se procede. - Xustificante de aboamento das taxas. BAIXA: <ul style="list-style-type: none"> - Solicitud. - Fotocopia do DNI. 	<p>para a especie animal de que se trate.</p> <p>Para explotacións apícolas: Decreto 193/1985, do 5 de setembro sobre ordenación zootécnica e sanitaria de explotacións apícolas.</p>
AG 534C	REXISTRO DE OPERADORES COMERCIAIS DE GANDO.	AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES	INSCRICIÓN: <ul style="list-style-type: none"> - Solicitud de inscrición. - Fotocopia do DNI. - Dúas fotografías tamaño carné. - Fotocopia do resgardo do IAE. - Xustificante de alta na Seguridade Social (fotocopia dos dous últimos documentos de cotización) no réxime especial de autónomos ou TC1 e TC2 para traballadores de empresas. - Bosquexo de situación e descrición detallada das cortes de trato. - Documentación dos vehículos empregados no transporte de gando. - Xustificante de ter aboadas as taxas correspondentes. <p>Se traballa para unha empresa, xuntará:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Documentación que acredite a relación entre ámbolos dous e/ou autorización da empresa para mercar gando. - Declaración xurada do solicitante conforme merca gando exclusivamente para a empresa. RENOVACIÓN: <ul style="list-style-type: none"> - Solicitud. - Carné de tratante. - Fotocopia resgardo IAE actualizado. - Xustificante de alta na Seguridade Social actualizado. - Documentos xustificativos de cambios en vehículos ou explotación (se é o caso). - Xustificante de ingreso das taxas correspondentes. BAIXA: <ul style="list-style-type: none"> - Solicitud. 	<p>ESTATAL: Lei de epizootias (1952). Regulamento de Epizootias do 4 de febreiro de 1995. Real decreto 205/196, do 9 de febreiro. Real decreto 66/94, do 21 de xaneiro.</p> <p>AUTÓNOMICA: Decreto 355/1994, do 2 de decembro.</p>
AG 534E	REXISTRO DE VEHÍCULOS PARA TRANSPORTE DE GANDO.	AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES	INSCRICIÓN: <ul style="list-style-type: none"> - Solicitud de inscrición. - Fotocopia do DNI. - Fotocopia do resgardo do IAE mdlo. 846, epígrafe 619,8 (tratantes), 642,1 1-642,4 (carniceiros) ou 722 (transportistas). - Xustificante de alta na Seguridade Social (fotocopia dos dous últimos documentos e cotización) do réxime especial de autónomos. - Fotocopia da documentación técnica e do permiso de circulación do vehículo. - Certificado de inspección do camión polo veterinario oficial. - Xustificante de ter aboadas as taxas correspondentes. <p>Vehículos de transporte de gando vivo de gandeiros para uso propio non teñen que presentar:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Fotocopia do IAE. - Copias recibos autónomos. <p>deberán presentar:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Fotocopia dos dous últimos recibos do réxime especial agrario. - Declaración xurada de uso exclusivo para transporte dos seus animais. art. 4º do Decreto 79/1994 (art. 12º.1) 	<p>ESTATAL: Lei de epizootias (1952). Regulamento de Epizootias do 4 de febreiro de 1995. Real decreto 205/196, do 9 de febreiro. Real decreto 66/94, do 21 de xaneiro.</p> <p>AUTÓNOMICA: Decreto 355/1994, do 2 de decembro.</p>

PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS		CONSELLERÍA	DOCUMENTACIÓN QUE HAI	NORMATIVA
CÓDIGO	DENOMINACIÓN		QUE PRESENTAR	REGULADORA
			RENOVAÇÃO - Solicitude. - Certificado de inscrición no rexistro (autorización que postúa). - Fotocopia do resguardo do pagamento do IAE actualizado. - Fotocopia dos dous últimos recibos de autónomos (gandeiros de uso particular: dous últimos recibos do réxime especial agrario). - Xustificante de ter aboadas as taxas correspondentes. BAIXA: - Solicitude.	
AG 702A	CONCESIÓN DE LICENCIAS DE CAZA/PESCA.	AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES	- Resguardo acreditativo de ter pagado a taxa correspondente. Para maiores de 65 anos: - Copia do DNI. Para menores de 18 anos: - Libro de familia. - Copia do DNI do titor. - Fotografía.	ESTATAL: Lei de pesca do Ministerio de Agricultura do 20 de febreiro de 1942. Regulamento do 6 de abril de 1942. AUTONÓMICA: Lei de pesca fluvial de Galicia do 24 de xuño de 1992.
SA 435A	AUTORIZACIÓN SANITARIA DE FUNCIONAMENTO DE COCHES FUNERARIOS.	SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS	- Solicitude normalizada. - Fotocopia da ficha técnica. - Fotocopia do permiso de circulación. - Fotografías da parte dianteira e traseira con tódalas portas abertas. - Xustificante de ter aboadas as taxas correspondentes.	AUTONÓMICA: Decreto 108/83 do 14 de xullo. ESTATAL: Decreto 2263/74 do 20 de xullo.
SA 438A	AUTORIZACIÓN SANITARIA PARA O TRASLADO DE RESTOS HUMANOS	SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS	- Solicitude normalizada. - Licencia de enterramento. - Certificado médico de defunción (se o cadáver foi inhumado, debe constar a data da defunción). - Certificado de aborto (no caso de eritadura abortiva). - Autorización do xuíz competente (se existiu intervención xudicial). - Xustificante de ter aboadas as taxas correspondentes.	AUTONÓMICA: Decreto 108/83 do 14 de xullo. ESTATAL: Decreto 2263/74 do 20 de xullo.
SA 648A	CERTIFICADO TÉCNICO SANITARIO DE VEHÍCULOS DE TRANSPORTE SANITARIO.	SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS	- Solicitude normalizada. - Fotocopia compulsada do DNI do solicitante e do NIF da empresa. - Fotocopia compulsada do permiso de circulación do vehículo, no que conste como destino a actividade sanitaria. - Fotocopia compulsada da ficha de inspección técnica do vehículo no que figure vixente o recoñecemento periódico. - Memoria referida ó vehículo na que consten as características técnicas do equipamento. - Xustificante de ter aboadas as taxas correspondentes.	ESTATAL: Lei de 16 de xullo de ordenación de transportes terrestres. Real decreto 1211/1990, de 28 de setembro do Regulamento da Lei 16/1987.
PE-401B	PERMISO DE EXPLOTACIÓN PARA O MARISQUEO A PÉ. RENOVAÇÃO	PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA	- Solicitude normalizada. - Fotocopia do DNI do solicitante. - 2 fotografías tamaño carné. - Fotocopia do certificado de mariscador. - Certificado de emprego. - Declaración xurada na que se reflicta que se cumpren os requisitos dos apartados b) e f) do artigo 17 do Decreto 425/1993. - Xustificante de ter realizado a liquidación da taxa correspondente.	AUTONÓMICA: Orde do 8 de abril de 1994 (DOG nº 80, de 27/04/94)
PE 405A	CONCESIÓN DE LICENCIA DE PESCA MARÍTIMA DE RECREO. RENOVAÇÃO.	PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA	- Solicitude normalizada. - Para a práctica da pesca de recreo desde terra ou embarcación: a) Fotocopia do DNI do solicitante. b) Xustificación do aboamento da correspondente taxa. c) Fotografía tamaño carné. - Para a práctica da pesca submarina: a) Fotocopia do DNI do solicitante. b) Xustificación do aboamento da taxa correspondente. c) Documentación que acredite o consentimento paterno, materno ou do titor cando o solicitante sexa menor de idade non emancipado. d) Fotografía tamaño carné. e) Certificado médico no que se faga constar que o solicitante reúne as condicións físicas necesarias para a práctica desa actividade. - Revalidación: a) Fotocopia da licenza do ano anterior, debendo exhibirse o orixinal no intre de presentación da documentación. b) Xustificación do aboamento da taxa correspondente. - Licencia especial: a) Fotocopia da licencia outorgada pola correspondente administración pública territorial con competencia na materia, debendo exhibirse o orixinal no intre da presentación da documentación.	AUTONÓMICA: Decreto 429/1993, do 17 de decembro. Orde do 31 de maio de 1995.
PE 511A	AUTORIZACIÓNS DE PLANS DE EXTRACCIÓN DA SEMENTE DO MEXILLÓN	PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA	- Solicitude normalizada. - Datos do viveiro: polígono, distrito marítimo. - Datos da embarcación que se vai utilizar, se é o caso, ou persoas que efectuarán a extracción. - Datos do vehículo que se vai utilizar. - Zona de recolleita (distrito e provincia marítima). - Período de recollida.	AUTONÓMICA: Lei de 6/93 de 11 de maio de pesca de Galicia. Decreto 2559/61 do 30 de novembro.
XI 302A	AUTORIZACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE MÁQUINAS RECREATIVAS E DE AZAR	XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS	- Solicitude normalizada. - Os catro exemplares da guía da máquina. - Fotocopia compulsada do pagamento da taxa da máquina, de tipo B ou C	AUTONÓMICA: Decreto 374/86 do 30 de outubro. Decreto 91/87 do 14 de abril.

PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS		CONSELLERÍA	DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE PRESENTAR	NORMATIVA REGULADORA
CÓDIGO	DENOMINACIÓN			
			<ul style="list-style-type: none"> - Certificado de fabricación da máquina para posteriores solicitudes (bastan as guías das máquinas e o certificado de fabricación). - Xustificante de aboamento de taxa administrativa. 	Decreto 247/90 do 18 de abril.
XI 302B	AUTORIZACIÓN DE BOLETÍNS DE INSTALACIÓN DE MÁQUINAS RECREATIVAS F. DE AZAR.	XUSTIZA. INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitud normalizada. - Xustificante do contrato suscrito entre a empresa operadora e o titular do establecemento, se o hai. - Habilitación do titular do local. - Xustificante de pagamento da taxa de xogo no caso de máquinas de tipo 'B' e 'C'. - Xustificante de aboamento da taxa administrativa. 	AUTONÓMICA: Decreto 374/86 do 30 de outubro. Decreto 91/87 do 14 de abril. Decreto 247/90 do 18 de abril.
XI 302BI	MODIFICACIÓNS DE BOLETÍNS DE INSTALACIÓN DE MÁQUINAS RECREATIVAS F. DE AZAR.	XUSTIZA. INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitud normalizada. Para os distintos supostos: (1) Documento cotexado do que resulte a vontade resolutoria ou a facultade de desistimento unilateral. (2) Documento cotexado da venda ou transmisión da máquina. (3) Documento cotexado do cambio na titularidade do establecemento. (4) Copia cotexada ou certificación da resolución xudicial. - Xustificante do aboamento da taxa administrativa. 	AUTONÓMICA: Decreto 374/86 do 30 de outubro. Decreto 91/87 do 14 de abril. Decreto 247/90 do 18 de abril.
XI 302C	TRAMITACIÓN DE AUTORIZACIÓN DE EXPLOTACIÓN POR CAMBIO DE TITULAR	XUSTIZA. INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitud normalizada. - Guías, autorización de explotación e boletíns de instalación da máquina en cuestión. - Documento xustificativo do pagamento da taxa fiscal. - Documento que acredite o contrato mercantil existente entre as empresas. - Xustificante de aboamento da taxa administrativa. 	AUTONÓMICA: Decreto 374/86 do 30 de outubro. Decreto 91/87 do 14 de abril. Decreto 247/90 do 18 de abril.
XI 302D	AUTORIZACIÓN DE SUBSTITUCIÓN DE MÁQUINA RECREATIVA EN ESTABLECEMENTO	XUSTIZA. INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitud normalizada. - Boletín de instalación da máquina antiga. - Xustificante de aboamento da taxa administrativa. - Xustificante de aboamento da taxa fiscal para máquinas tipo 'B' ou 'C'. 	AUTONÓMICA: Decreto 374/86 do 30 de outubro. Decreto 91/87 do 14 de abril. Decreto 247/90 do 18 de abril.
XI 302E	AUTORIZACIÓN DE CAMBIO DE MÁQUINA EN EXPLOTACIÓN	XUSTIZA. INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitud normalizada. - Certificado de fabricación da máquina nova. - Fotocopia da carta de pagamento da taxa de xogo do ano fiscal en curso. - Exemplos da guía de circulación da empresa operadora. - Xustificante de aboamento da taxa administrativa. - Documento de desmantelamento con exemplar da guía da máquina. - Exemplar da guía da máquina nova. - Exemplar da autorización da explotación, e, se é o caso, do boletín da empresa operadora. 	AUTONÓMICA: Decreto 374/86 do 30 de outubro. Decreto 91/87 do 14 de abril. Decreto 247/90 do 18 de abril. Decreto 520/90 de 29 de novembro e Decreto 167/93 de 8 de xuño.
XI 302F	AUTORIZACIÓN DE TRASLADO DE MÁQUINAS ENTRE PROVINCIAS	XUSTIZA. INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitud normalizada. - Boletín de instalación, se é o caso, coa correspondente solicitude da cancelación destes. En caso de traslados fóra do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia: - Autorización de explotación da(s) máquina(s), exemplares da máquina e empresa operadora. - Xustificante de aboamento da taxa administrativa. 	AUTONÓMICA: Decreto 374/86 do 30 de outubro. Decreto 91/87 do 14 de abril. Decreto 247/90 do 18 de abril.
XI 302G	BAIXA/CANCELACIÓN DE BOLETÍNS	XUSTIZA. INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitud normalizada. - Exemplares de boletíns de instalación (maquinaria e empresa operadora). - Xustificante de aboamento da taxa administrativa. 	AUTONÓMICA: Decreto 374/86 do 30 de outubro. Decreto 91/87 do 14 de abril. Decreto 247/90 do 18 de abril.
XI 302H	BAIXAS TEMPORAIS E DEFINITIVAS DE AUTORIZACIÓNS DE EXPLOTACIÓN	XUSTIZA. INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitud normalizada. - Exemplar da correspondente autorización de explotación da maquinaria e da empresa operadora. - Exemplar dos boletíns de instalación, se é o caso, coa correspondente solicitude de cancelación. - Exemplar da guía de circulación da máquina e da empresa operadora. - No caso da baixa definitiva de máquina 'B' ou 'C', documento acreditativo de desmantelamento. - Xustificante do aboamento da taxa administrativa. 	AUTONÓMICA: Decreto 374/86 do 30 de outubro. Decreto 91/87 do 14 de abril. Decreto 247/90 do 18 de abril.
XI 302I	HABILITACIÓN A TITULAR DE ESTABLECEMENTO	XUSTIZA. INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitud normalizada. - Orixinal ou copia autenticada da licenza municipal de apertura outorgada ó local para o que se pretende a habilitación, ou certificación acreditativa de tela solicitada. - Fotocopia compulsada do DNI do solicitante. - Fotocopia compulsada do contrato de arrendamento do local (no caso de que o solicitante non fora o titular da licenza de apertura). - Xustificante do aboamento da taxa administrativa. 	AUTONÓMICA: Decreto 374/86 do 30 de outubro. Decreto 91/87 do 14 de abril. Decreto 247/90 do 18 de abril.
XI 504A	OUTORGAMENTO DO DOCUMENTO PROFESIONAL A EMPREGADOS DE SALA DE BINGO EN CASINO	XUSTIZA. INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitud normalizada. - Fotocopia do DNI - Certificado de estudos primarios. - 2 fotografías. - Xustificación do aboamento da taxa administrativa 	AUTONÓMICA: Decreto 273/86. do 31 de xuño. Orde 13 de xuño de 1989.

PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS		CONSELLERÍA	DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE PRESENTAR	NORMATIVA REGULADORA
CÓDIGO	DENOMINACIÓN			
FM 308A	INCLUSIÓN NO CENSO DE ENTIDADES XUVENIS	FAMILIA. MULLER E XUVENTUDE	- Solicitud normalizada. - Copia de acta de constitución. - Copia dos estatutos. - Copia do certificado de inscrición no rexistro. - Copia do CIF - Relación de compoñentes do órgano de goberno da entidade xuvenil.	AUTONÓMICA: Orde 21/03/1991 (DOG nº 64 do 04/04/1991)
FM 423A	PROTECCIÓN ÁS FAMILIAS NUMEROSAS.	FAMILIA. MULLER E XUVENTUDE	- Solicitud normalizada. - 2 fotografías con tódolos membros do núcleo familiar (tamaño 8x5 cm). No caso de renovación só se aportarán 2 fotografías cando varíen os beneficiarios. - DNI do cabeza de familia e do cónxuxe. - Libro de familia. Cando concorran algunha das circunstancias especiais que se mencionan, acreditarase a súa existencia coa seguinte documentación: - Para os fillos de 21 ata 25 anos incluídos, xustificante de estudos universitarios, FPPI ou equivalente, certificado de estar cumprindo o servizo militar ou prestación social substitutoria. - No caso de incapacidade ou minusvalidez, documento acreditativo desta. - No caso de viuvez, separación ou defunción, documento acreditativo.	ESTATAL: Lei 25/1971, do 19 de xuño. Decreto 3140/71 do 23 de decembro. Lei 21/86, do 23 de decembro de 1986. Lei 42/1994, do 30 de decembro. Real decreto 1801/1995, do 3 de novembro.

CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS

Decreto 217/1997, do 24 de xullo, polo que se regulan as actividades relativas á utilización de tecidos humanos na Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 33.1 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúelle á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior.

As actividades relativas á utilización de tecidos humanos regúlanse no Real decreto 411/1996, do 1 de marzo, que desenvolve a Lei 30/1979, do 27 de outubro, sobre extracción e transplante de órganos, e o artigo 40.8 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, que encomenda á Administración do Estado, sen menoscabo das competencias das comunidades autónomas, a regulamentación sobre acreditación, homologación, autorización e rexistro dos centros ou servizos, de acordo co establecido na lexislación sobre extracción e transplante de órganos.

Así, o Real decreto 411/1996 que, segundo a súa disposición adicional primeira, ten carácter de norma básica, establece os requisitos mínimos, tanto para os centros de obtención e implantación como para os bancos de tecidos, sen prexuízo do seu desenvolvemento regulamentario polas comunidades autónomas.

En función do establecido no artigo 33.1 g) do Real decreto 1634/1980, do 31 de xullo, no que se establece que corresponde á Xunta de Galicia outorgar-la autorización oportuna para a creación, construción, modificación, adaptación ou supresión de centros, servizos e establecementos de calquera clase ou natureza, o presente decreto ten por fin regula-la utilización de tecidos de orixe humana nos centros de obtención e implantación, o funcionamento dos bancos de tecidos humanos e a obtención das correspondentes autorizacións para o desenvolvemento das devanditas actividades.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e catro de xullo de mil novecentos noventa e sete,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

1. O presente decreto é de aplicación ós centros e servizos sanitarios que no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia realicen actividades de obtención e utilización clínica dos tecidos humanos, incluíndo a súa doazón, obtención, preparación, procesamento, preservación, almacenamento, transporte, distribución, subministración e implantación.

2. No ámbito de aplicación deste decreto inclúense expresamente e rexeranse polo disposto nel os cen-